



CONDICIÓNS XERAIS

CALENDARIO

Día da Excursión 21 de Xullo.

Horario de saída da praza do Concello ás 11 :00 h e regreso a praza do Concello ás 20: 30h

DESTINATARIOS

Nenos/as de 4 a 16 anos.

Os nenos/as **menores ou igual a 9 anos**, deberán ir **acompañados obrigatoriamente** por un adulto responsable. Solo se **permitirá un acompañante por familia**.

PREZOS

O prezo inclúe autobús e entrada ó aquapark de Cerceda.

A comida non se inclúe no prezo, poderíase levar da casa ou mercala nas instalacións do Aquapark.

Nenos empadroados ou nenos non empadroados escolarizados nos centros educativos de Begonte e Baamonde e 1º Adulto acompañante de menores ou igual a 9 anos: **5€**

Nenos non empadroados e 1º Adulto acompañante de menores ou igual a 9 anos: **10€**

INSCRICIÓN

- Prazo : DO 28 DE XUÑO AO 12 XULLO DE 2016
- Solicitude dispoñible: no Concello.
- Presentación de solicitudes :no Concello, presencialmente.

PRAZAS

As prazas son limitadas, 55 prazas.

A adxudicación das prazas, será por **rigurosa orde de entrada de rexistro** nas dependencias do Concello, tendo preferencia os nenos empadroados e escolarizados nos colexios de Begonte, sobre os non empadroados.

REQUISITOS DE MATRICULACIÓN

- Entregar a solicitude correctamente cuberta e sinada.
- Focotocipa do dni (se nunca o aportou).
- Certificación da conta bancaria co código IBAN.(se non o aportou para o campamento 2016)

Non se admitirán solicitudes non cubertas na súa totalidade,e sin certificación da conta bancaria.

LISTAS PROVISIONAIS

O 15 de xullo publicaranse as listas de nenos admitidos no tablón de anuncios das dependencias do Concello e da Casa da Cultura.



PAGAMENTO DA COTA

O recibo do campamento farase efectivo por domiciliación bancaria.

BAIXAS

Aquelas persoas que desexen **causar baixa** da excursión, deberán entregar a solicitude de baixa cuberta no Concello antes 18 de xullo de 2016, inclusive. O importe aboado pola matrícula, non será devolto, no caso de causar de baixa despois desta data.

OUTRAS

O Concello de Begonte resérvase o dereito a suprimir/modificar a viaxe e horarios, se non se acadan un número mínimo de solicitudes. Así mesmo, o Concello resérvase o dereito de unificar grupos similares no caso de asistencia insuficiente.

NORMATIVA DO PARQUE ACUÁTICO DE CERCEDA

As instalacións nas que pasarán o día é un parque de atraccións a base de xogos acuáticos polo que é da máxima importancia que procure seguir as normas que se indican:

- Non se permitirá o acceso ás instalacións ós menores de 6 anos que non estean acompañados polos pais ou adulto responsable.
- Os nenos menores de 4 anos deben permanecer acompañados dun adulto responsable en todo momento e utilizar o vaso de chapoteo destinado ós máis pequenos.
- As atraccións espirotubo, tobogáns grandes e multipista kamikace, están reservadas a maiores de 12 anos.
- Os menores non deben acceder a ditas atraccións.
- Nos períodos en que funcione a piscina de olas, permanecerán pechadas o espirotubo, tobogán e multipistas tres rúas.
- Non se pode permanecer dentro das piscinas, nas que están instaladas as atraccións. Para permanecer dentro da auga usaranse as zonas denominadas como vasos de relax ou descanso (piscinas sen atraccións).
- Non está permitido por razóns de seguridade, tirarse de cabeza en ningunha das piscinas do parque.
- É obrigatorio ducharse antes da inmersión na auga das piscinas.
- É obrigatorio o uso de chancletas ou calzado de baño nas zonas de vestiario, aseos, cafetería, etc...
- Está prohibida a entrada á zona de baño vestido con roupa ou calzado de rúa.
- Está prohibido beber, comer e fumar na zona de praia reservada ós bañistas

Este documento deberá ser conservado polo pai/nai ou titor do menor como xustificante da realización da solicitude da Viaxe ó Aquapark de Cerceda.

Nome e Apelidos do menor:

En Begonte, a de 2016.

Sello do Concello

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Begonte infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Begonte, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.